



45 ANOS TRABALLADOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

O 24 de xaneiro deste ano xubilouse, anticipadamente aos 63 anos, a nosa compañeira e amiga, Carmen Prieto Tobío.

Vital, alegre, simpática, traballadora, boa compañeira, boa persoa e moi xenerosa. Estes son algúns dos adxetivos cos que as súas compañeiras e compañeiros a definen. Todos eles positivos, por certo. Carmen trae de serie iso que as novas xeracións temos que aprender en cursos de coaching, e que é imprescindible para se desenvolver con éxito non só na vida laboral, senón na vida en xeral: intelixencia emocional. As palabras que máis se repiten no seu vocabulario son fantástico e fenomenal.

A VIDA LABORAL...

A súa vida laboral é amplísima: 45 anos. **45 anos traballados na Universidade de Vigo.**

Xubilouse como xefa da Área Económica da EEI, resultado da fusión das xefaturas das Áreas Económicas da EEI sede campus e sede cidade.

O seu currículo é impresionante: 5 reitores na Universidade de Vigo e varios máis da Universidade de Santiago de Compostela, varias titulacións, xeracións enteiras de profesorado matriculado, revolución tecnolóxica e laboral, memoria histórica viva da unidade de Vigo. Todas estas achegas figuran no currículo laboral de Carmen Prieto Tobío. “Matriculei a moito profesorado que agora exerce nesta universidade, como Consuelo Currás, “Cheché”, directora da Escola de Empresariais, ou José Pose, catedrático da EEI”. Algunhas traballan na Administración Central como Irene Garrido, secretaria de Estado de Economía. A outros moitos e moitas coñeceunas recén comezada a súa carreira profesional, como Javier Berrocal, Marina

Orjales ou Federico Vilas. As relacións que estableceu nesta época ségueas mantendo, como con Domingo Docampo, PNN recién licenciado no 79 e posteriormente reitor da universidade de Vigo, “co que sigo mantendo unha boa relación.”

Comezou a traballar moi nova, con 17 anos, na Escola de Secretariado da Caixa de Aforros, ao rematar os seus estudos. Ao pouco tempo decátaronse de que lle falta a “mili de chicas”, o Servizo Social que estaban obrigadas a realizar as mulleres durante o franquismo. “Tívena que facer a toda presa, porque era obrigatoria”. Coméntanos Carmen.

Estivo aquí uns poucos meses e en xaneiro de 1973 comezou a traballar na secretaría de alumnado da recién inaugurada Escola de Empresariais, do Colexio Universitario de Vigo, dependente da Universidade de Santiago de Compostela.

Das máquinas de escribir aos máis modernos ordenadores e programas informáticos...

Todos os adiantos tecnolóxicos introducidos na xestión da universidade de Vigo experimentounos Carmen ao longo da súa dilatada vida laboral: dende as máquinas de escribir e as multcopistas, aos máis modernos ordenadores, á era de internet e á nube.

“O traballo realizábase con máquinas de escribir”. Cóntanos. “O persoal de administración estabamos moi vinculados ao apoio á docencia: matriculábase ao alumnado e tamén se pasaban a máquina os exames que nos entregaba o profesorado. A máquina tiña un calco, que se introducía na multcopista para realizar varias copias. Mesmo confeccionabamos as papeletas das notas e as actas”. Cando chegaron os primeiros ordenadores xa se produxo unha auténtica revolución no eido laboral.

O diñeiro non é o máis importante...

Cando levaba 3 meses na Escola de Empresariais ofrecéronlle outro traballo nunha empresa aseguradora, na que ía cobrar 17.000 ptas, cáseque catro veces máis co que cobraba na universidade.

Malia haber unha importante diferenza salarial, tomou a decisión de quedar na universidade.

O sobre...

Non estaba en nómina porque non había capítulo de persoal funcionario de Administración e Servizos no orzamento da Escola. Ao final do mes recibía un sobre con 4.500 ptas.

Máis tarde o director da Escola, Antonio Bahamonde, conseguiu que figurase en nómina como limpadora, realizando funcións de funcionaria de Administración, porque a de limpadora era a única partida de persoal da Escola na que había presuposto.

Coa primeira Relación de Postos de Traballo, regularizouse a súa situación: pasou a ser persoal laboral realizando funcións de funcionaria.

O pluriemprego...

Chegou a simultanear ata tres traballos: no 77 traballaba pola mañá no CUVI, pola tarde en Económicas e pola noite en Graduado Social. “Eran tempos difíciles e precisábanse os cartos para sacar a familia adiante”.

As seguintes etapas...

Vivíu grandes e pequenas revolucións, non só no eido tecnolóxico, senón tamén no dos dereitos laborais: “no CUVI traballabamos os sábados, primeiro todo o persoal e logo conseguimos que se establecensen turnos”.

No 88 a Universidade de Santiago celebrou un concurso, no que o persoal laboral como Carmen, puido concursar a postos de funcionariado. Deixárona participar e pasou a ser a Xefa da Área Económica de Ciencias Económicas e Empresariais.

Neste momento produciuse un fito importante na súa vida laboral: pasou da área académica á área económica. “Encantáronme os números!”,dime. A partir deste intre sempre traballou na área económica, demostrando tamén coherencia á hora de orientar a súa carreira profesional. “A etapa en Empresariais e Económicas foi fenomenal a todos os niveis, tanto profesional como persoalmente”.

Aquí traballou ata o seguinte concurso celebrado no ano 93, no que obtivo o posto de xefa de Asuntos Económicos Centrais, na reitoría da rúa Oporto. “Ao principio foi moi duro, porque había moito traballo e moi pouco persoal. Ademais, o espazo de traballo tampouco era axeitado: demasiado pequeno. Meses despois ampliaron a plantilla e trasladáronnos ao anexo, nun espazo que xa cumpría a normativa de riscos laborais.” Traballou aquí ata o concurso do ano 2000, cando voltou a Torrecedeira como xefa de Asuntos Económicos do Campus Histórico, posto que desenvolveu ata o ano 2017.

A maior parte da súa vida laboral transcurriu no campus histórico, co que mantén unha vinculación emocional moi importante.

A volta ao campus histórico defínea como fantástica, aínda que “cando me incorporei ao posto no mes outubro, había moito traballo atrasado, polo que traballei 3 meses polas tardes.”

Apreciada, querida e respectada...

Pasearse con Carmen pola escola, ou ir tomar un café é un contínuo recital de saúdos e abrazos, dende xente das primeiras xeracións ata os máis novos como o último secretario da Escola.

“A relación co profesorado sempre foi moi boa, e cos compañeiros e compañeiras tamén.”

O seu criterio á hora de traballar sempre foi tido en conta. As súas compañeiras vemos como o PDI vén a preguntarle cómo tramitar isto ou aquilo.

Nunca se sentiu discriminada por ser muller, malia a que a súa carreira laboral desenvolveuna en centros con poboación maioritariamente masculina, como a EEI.

Fixo moitas amizades, que conserva. Tamén e sobre todo entre o PAS, pero non quere nomear a ninguén “todas son importantes”.

Sindicalista...

É socia de UXT dende que tivo idade suficiente para afiliarse “este sindicato ten a ideoloxía coa que máis me identifico”. Considérase unha persoa rebelde e defensora das inxustizas.

Sempre foi unha traballadora activa: formou parte da Xunta de Persoal durante varios mandatos.

MULLER TRABALLADORA...

Naceu no barrio das Flores, en Teis. O seu pai traballaba en Obras del Puerto, e a súa nai era ama de casa. Ten dous irmáns, un deles é PAS desta universidade.

Casou no 77 aos 22 anos, cando se inaugurou o CUVI.

Sempre traballou, mesmo ao nacer os seus fillos. “Foi moi duro compaxinar a vida privada coa laboral, porque había poucas garderías e as que había eran privadas e moi caras. A pesar disto, ficar na casa nunca foi unha opción para min”.

Houbo xestores que xa daquela favoreceron a conciliación familiar, como Alberto Gago, secretario da Facultade de C.C. Económicas: “facilitaba a conciliación familiar: permitíame chegar máis tarde, o que me posibilitaba levar a nena á escola. Pero o horario cumpríase: logo saía unha hora máis tarde, recollía a nena do colexio e seguía coa xornada laboral na casa, porque o meu home traballaba todo o día nun taller da súa propiedade”.

É nai de dous fillos: Pablo e Susana. **“Foi moi difícil compaxinar a vida familiar e profesional, pero nunca me plantexei deixar de traballar e nunca me arrepentín desa decisión”.**

Está moi orgullosa da súa familia. O seu fillo Pablo acaba de ser premio extraordinario fin de carreira en Fisioterapia pola universidade de Vigo. É profesor Asociado no campus de Pontevedra e tamén traballa nunha asociación como fisioterapeuta. A súa filla Susana é encargada de Esfera. Ten unha neta e dous netos. Fai labores de avoa, “pero non abusan” dime “só me chaman cando realmente o necesitan”.

Sempre foi unha muller independente: “aos 18 anos saquei o carnet de conducir e merquei un coche de segunda man”. Isto pódenos parecer moi normal hoxe en día, pero non o era tanto no 1973.

RECOMENDACIÓNS PARA AS NOVAS XERACIÓNS

Cando lle pregunto qué nos recomenda ás novas xeracións dime: “o máis importante é pasalo ben, que desfrutedes do traballo, e senón vos gusta ídevos canto antes. O máis bonito é que o traballo che guste, aínda que sexa moito. Sentirte orgullosa do que fas. Controlalo. Ser amable coa xente”.

CARMUCHI

Todo isto cóntamo un venres pola tarde, no Negociado de Asuntos Económicos da EEI, no campus. Está de vacacións, pero subíu para rematar de conciliar a conta de anticipos do mes de decembro, aínda que xa fixera case que todo o traballo na súa casa. Non é a primeira vez que sobe a traballar en vacacións. Rematamos de conciliála preto das tres da tarde. “Podemos aproveitar para conciliar a de xaneiro, así xa che queda feita”. Carmen é así de xenerosa. E conciliámola. Baixamos a comer pasadas as tres e media da tarde. Ao rematar subimos para continuar con esta entrevista, que xa comezamos aproveitando un café de traballo: 45 anos non se relatan en media hora.

Estivo pouco tempo con nós, dende o 28 de xuño, vacacións incluídas. Pero sempre estivo presente, “se necesitas preguntar algo ou tedes algún problema chamádeme”, e nalgunha ocasión fixémoslo.

Un día dirixinme a ela como Carmuchi, polo cariño que me inspira, e dende entón na oficina todas e todos nos dirixímos a ela como Carmuchi. A nosa Carmuchi. Canto a imos estrañar! Foi a nosa frase máis común durante as semanas previas a súa xubilación. Era a alegría da oficina. Simpática “que bueeenos los lápices!” decía cando collía un de Office Depot para nos explicar algo, e coma sempre, ao apoialo no papel rompíase a punta. Xa falei da súa xenerosidade. Cando lle tocaba subir ao campus pasábase a mañá indo do negociado de Asuntos Económicos da EEI ao de Teleco-Minas (compartimos oficina). Nunca fixo ningunha distinción entre os dous negociados á hora de nos axudar co traballo.

Non estou triste. Vouna seguir vendo en Peritos de cando en vez, á hora do café e nunha que outra comida. Tamén sobe o campus a visitarnos e a aconsellarnos. A oficina ilumínase cando entra Carmen pola porta.

Escrito por Mercedes Palanca González

Xefa da Área Económica da Escola de Enxeñería Industrial